

Madamas, madamitas, bonitos

Descoñécese con certeza en que momento, con que orixe e con que significado os entroidos de moitos lugares de Europa enriqueceron o seu mostrario de personaxes coas *madamas* e *galáns*, tamén chamados *madamitos*, *madamitas*, *señoritos*, *señoritas*, *damas*, *danzantes* ou *bonitos*. Hai testemuño da súa existencia recente en concellos das catro provincias galegas. A diferenza do que ocorre na actualidade, noutrora tanto o papel masculino como o feminino adoitaba recaer en homes.

Con razón ten sona o *Entroido de Cobres*, no concello pontevedrés de Vilaboa, ao pé da ponte de Rande. As súas *madamas* e *galáns* forman unha comparsa de grande atractivo estético, da que falaremos polo miúdo no capítulo seguinte, o mesmo que da *momada* de Cotobade que detallara Antón Fraguas.

No concello raiano de Entrimo (Ourense) gozaron do privilexio de que Vicente Risco recollese informacións sobre as súas máscaras e, ademais, as debuxase. Desde 2003 o concello esfórzase por recuperar e consolidar os *madamitos* e *madamitas* (tamén *xigantes e damas*) como personaxes singulares da vila. Forman parellas elegantes. As mulleres locen enaguas brancas con moitos encaixes, camisa branca, pano ou mantilla vermella ou negra e un sombreiro de palla con velo. Eles tamén van de punta en branco, con faixa e capas vermelhas, sombreiro cónico e unha vara na man para se meter coa xente. Uns e outros ocultan o rostro tras carautas brancas.

Consta que noutros puntos da Limia antano aparecían *madamas* e *galáns* deste estilo. Así o lembraban os vellos en Loureses (Os Blancos), Calvos de Randín ou Baltar (onde formaban a *madamaxe*). Eran tempos distintos e non se accedia a roupa elegante coma hoxe (se non había mantón, pois unha colcha). Elas tamén utilizaban puchos con fitas de cores e eles, ás veces, algunha campañña. Visitaban aldeas e casais e bailaban.

Esgos (Ourense) recuperou as súas *madamas* para acompañar os *fehos*. Tamén ali as mulleres botaban man da súas mellor roupaxe. Polo Domingo de Entroido e polo de Piñata percorre os lugares da parroquia de Cerqueda (Malpica, A Coruña) a *andaina dos madamitos*, comparsa de bailaríns e bailarinas vestidos impecablemente de branco con fitas de cores. Acompañados de *ghuardineros* protectores, botan uns bailes e comparten un chisco do tempo de Entroido cos anfitrións, que os invitan e agasallan. Reapareceron os *mecos bonitos e feos* en Forxás das Viñas (A Merca-Ourense). En Salcedo (A Pobra do Brollón, Lugo) aparecen as *madamas* e os *danzantes*. Co nome sinxelo de *máscaras* e acompañadas de *gardadores* ían as mozas que viu —ou talvez rememorou— Carré Alvarellos nos anos 50 en Sergude (A Coruña). “Son mozas cáuseque sempre vestidas todas de branco con chambras e faldras que tefian moitos encaixes e rendas”. Noutras parroquias e vilas galegas, como Moaña (*damas e galáns*) ou Anllo (Sober-Lugo) (*bonitos*) tamén tentan consolidar a súa recuperación. O porte da madama contrastaba en Riós (Ourense) cos *vellaróns* e os zarrapastrosos *farrampóns*.

Está documentada a presenza de *madamas e galáns* en mascaradas asturianas, cántabras, castelás, vascas ou aragonesas, como sucede coas de Bielsa (Huesca), ainda vivas, e que comparten protagonismo coas *trangas*. Igualmente referenciáronse en mascaradas rurais doutros pobos europeos. Agás que a imitación das

señoritas e *señoritos* da cidade tivese intención caricaturizadora, percíbese que estes personaxes pouco teñen que ver co espírito irreverente, cómico e transgressor do Entroido. Máis ben apréciase, como diría Risco, “pretensión de rumbo y elegancia”. Máis que máscaras son danzantes e o seu vestuario non difire do que se empregaba nas danzas gremiais ou procesionais documentadas desde o s. XVI e ben estruturadas xa no XVIII, moitas das cales perviven en festas patronais e romerías.